



La Voz de Galicia, co patrocinio do Concello de Santiago e Urbaser organiza o Concurso Reciclar en Compostela na modalidade de debuxo.

A presentación e recepción dos traballos comezará o día 30 de marzo e finalizará o 30 de maio de 2015. No concurso poderán participar todas aquelas persoas que se atopen comprendidas nunha das dúas categorías habilitadas.

Establecerase un xurado composto por periodistas que analizarán os traballos resolvendo sobre os premiados.

O Certame rexirase polas seguintes:

BASES

certame reciclar en compostela

Categorías:

Ata 8 anos
De 9 a 12 anos

Bases dos Traballos:

Os escolares participantes, axudados e orientados polo seus profesores, elaborarán un debuxo que exprese a idea da reciclaxe na cidade de Santiago de Compostela.

Traballos:

Debuxo nun folio tamaño A-4. Os traballos deberán presentarse na plantilla do concurso que se poderá descargar da páxina web www.lavozdegalicia.es (edición Santiago), na cal se deberán cumprimentar os datos do autor, do profesor responsable da supervisión do traballo e do centro e aula aos que pertencen, así como a autorización que se incorpora á devandita plantilla debidamente asinada polos pais ou titores legais do autor.

Prazos:

Os traballos, cos datos e autorización enriba descritos debidamente cumprimentados, remitiranse (ou entregaranse en man) á Delegación de La Voz de Galicia, sita en Salgueiriños de Arriba, Nº 44 baixo.15703 Santiago, para a súa recepción na devandita dirección como data límite o 30 de maio de 2015.

Xurado:

Estará composto por periodistas de La Voz de Galicia.

Premios:

Establécense un premio e dous accésit por cada unha das categorías, que estarán compostos por:

- 1º premio: un iPad.
- Dous accésit: unha tablet.

A data de publicación do fallo do xurado e de entrega de premios comunicarase oportunamente a través da páxina web www.lavozdegalicia.es (edición Santiago). O fallo do xurado será inapelable. Os datos dos gañadores e os seus debuxos publicaranse no periódico La Voz de Galicia (edición Santiago) e, no seu caso, na web do periódico www.lavozdegalicia.es.

Os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

Outros requisitos dos contidos.

Cesión de dereitos:

Os participantes responsabilízanse da autoría real e orixinalidade dos traballos, así como dos seus contidos, que non poderán ser ilícitos, ofensivos ou discriminatorios, nin lesionar bens ou dereitos de terceiros. O feito de participar no concurso implica a cesión exclusiva polos autores a La Voz de Galicia, S.A. dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reprodución, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte.

Os profesores que supervisen os traballos deberán velar porque se cumpran os anteriores extremos.

Protección de datos persoais:

Os datos persoais dos participantes no concurso "Reciclar en Compostela", os dos seus profesores e os dos pais ou titores legais que autorizan a súa participación, serán incluídos nos ficheiros que La Voz de Galicia, S.A. ten debidamente inscritos na Axencia de Protección de Datos e que cumpren todos os requisitos da Lei Orgánica 15/1999 e do Real Decreto 1720/2007 que a desenvolve.

Todos os datos solicitados na cartilla de participación son necesarios para participar no concurso e serán destinados á xestión e organización do mesmo.

O nome, idade e centro escolar dos gañadores dos premios publicarase xunto cos seus debuxos no xornal La Voz de Galicia (edición Santiago) e, no seu caso, na web do devandito diario. Asimesmo, o nome, idade e a imaxe dos concursantes e dos seus profesores, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A. nestes ou outros soportes, sempre que a devandita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso. Quedan recoñecidos, no entanto, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderán ser exercidos, previa acreditación da personalidade ou da representación, na dirección de La Voz de Galicia, S.A., Avenida da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 de Arteixo (A Coruña).

Aceptación das bases:

A participación nesta convocatoria implica a total aceptación destas bases, así como a sumisión expresa ás decisións que puidese adoptar a organización do concurso a efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nas bases.